

Rogos e preguntas do Pleno de outubro de 2022

Preguntas formuladas por Dona Elena Estévez Freire.

Pregunta: O día 21 de setembro tivo lugar un encontro organizado pola Asociación de Familiares de enfermos de Alzheimer do Morrazo (AFAMO) na vila de Moaña, co obxectivo de conmemorar e concienciar o día internacional desa enfermidade dexenerativa. A pesar de que este colectivo ten, desde a súa fundación, un forte vínculo con Bueu –que se acrecentou coa cesión de uso da Casa da Aldea de Meiro a dito colectivo–, o goberno local da nosa vila non asistiu aos actos. Por que motivo non acudiron? Consta entrada de convite por parte da Asociación?

Resposta: O Concello de Bueu recibiu convite para este acto, ao que confirmou asistencia a concelleira de benestar social. Finalmente, debido a un problema de última hora, ela non puido asistir e así llo comunicou á persoa responsable da asociación.

Pregunta: Na sesión plenaria de decembro de 2021, froito dunha moción do Partido Popular, a Corporación Municipal aprobou por maioría a rehabilitación e posterior colocación do Canón de Pau en Cabo Udra. Porén, practicamente pasou xa un ano sen que este acordo se levase a cabo, a pesar do interese social e histórico do elemento. Que xestións se fixeron para dar cumprimento ao acordo plenario? Cando se vai colocar o Canón de Pau?

Resposta: O Canón de Pau instalárase tan pronto sexa posible e a xestión diaria do Concello o permita.

Pregunta: Segundo consta no expediente 775/2022, o 16 de setembro deste ano autorizouse a devolución do aval depositado por importe de 1159,20€ por URBEPLAN. Nel consta que “dado o tempo transcurrido e tendo en conta que o Plan de Sectorización do Parque Empresarial de Bueu, terceira fase redactado por Urbeplan, obxecto do aval, non se vai levar a cabo”. Por que motivo se decidiu non

desenvolver a terceira fase do Plan? Como afectará esta decisión ao desenvolvemento de tecido industrial na nosa vila?.

Resposta: Ese proxecto foi encargado e redactado no ano 2005 ao abeiro das Normas Subsidiarias Municipais, e como sinalan os informes técnicos de esa época, presentaba deficiencias e estaba incompleto, motivo polo cal non se devolveron as fianzas solicitadas en aquel momento. Ademais ese Plan de Sectorización nunca foi aprobado.

Dende esa época a Xunta aprobou definitivamente o 30.04.2014 o PSOAEG (plan sectorial ordenación areas empresarias de Galicia) onde aparecen as necesidades de solo empresarial para toda Galicia. Ese Plan Sectorial incorporou como actuación a ampliación do parque empresarial de Bueu-Castiñeiras, cunha extensión de 412.238 m² que afectaba aos concellos de Bueu e de Cangas. Posteriormente a modificación nº 1 do PSOAEG aprobada definitivamente no ano 2018 modificou o ámbito da dita ampliación limitandoa á contorna do polígono existente (só para Bueu), cunha extensión de 188.123 m², e que o noso PXOM recolle expresamente as súas determinacións.

En virtude deste Plan, os empresarios asociados de APROINTER levan varios anos promovendo o desenvolvemento do resto do solo empresarial do noso parque baixo as previsións do PXOM e do PSOAEG, dando os primeiros pasos presentando un “Proxecto de Interese Autonómico do Parque Empresarial Bueu-CastiñeirasAmpliación”, ante o IGVS (instituto galego de vivenda e solo) e ante a consellería de Medio Ambiente onde xa pasaron a fase de informe ambiental estratéxico, e entregarán nos próximos meses o proxecto definitivo que esperamos sexa unha realidade nos próximos anos.

Polo tanto en resposta a pregunta, a chamada “terceira fase” se pode dicir que está en marcha acorde a lexislación e a normativa vixente.

Pregunta: O 12 de xullo publicábase no Faro de Vigo noticia do concello de Bueu informando da visita do Alcalde, Félix Juncal, ás obras que se estaban acometendo no Pavillón Municipal Pablo Herbello. A noticia viña acompañada dunha fotografía

do alcalde na cuberta da instalación, onde se aprecia o incumprimento das medidas de protección e seguridade establecidas por lei (utilización de casco, zapato de seguridade, arneses etc.). Tiña coñecemento a empresa adxudicataria da visita do alcalde? De ser así, cantas persoas formaban parte da comitiva que visitou a obra? Os responsables da empresa deron as instrucións oportunas de cara ao cumprimento da normativa vixente en materia de seguridade laboral para acceder á obra? Por que o Alcalde accede á obra sen cumprir coas medidas de seguridade obrigatorias?.

Resposta: A visita realizouse na compañía do director de execución material da obra, en horario non laboral da empresa, polo cal non é imprescindible a utilización de ningún tipo de EPIS. En todo caso, reitero que este comportamento da alcaldía, que vén sendo habitual dende que asumiu o cargo, continuará, dado que é importante o labor de seguimento á execución e evolución das obras do Concello, aínda que isto non se entenda por parte da oposición.

Rogos

O Sr. Rodríguez Piedras

Roga que se fagan labores de roza no cemiterio da parroquia de Cela pola parte de arriba nos setos.